

Nome _____ Data _____

1 Llig el text amb una pronunciación, una entonación i un ritme adequats.

Lúa é un touro

Ás veces, cando estamos na cociña vendo a tele ou algo, Lúa chama á porta. Rabuña, rabuña e miaña ata que lle abres. Entra fungada e sobe á cadeira que está preto da ventá. Só a deixan subir a esa. Ela é tan lista, tan lista, que xa o sabe. Se sobe a outra e sente que veñen papá ou mamá, baixa tan axiña coma os foguetes.

Cando está alí tranquila no seu asento, se miramos para ela, aínda que non lle digamos nada, colle e pecha os ollos. Meu irmán Xocas di que é para que vexamos que nos quere e confía en nós. Sábeo porque o leu nun libro de ciencias.

Ás veces, Xocas senta e ergue de présa o brazo. Lúa ponse de pé e ségueo coma se estivese no circo da Xunqueira, que é un circo que vén por aquí polo verán. Outras veces sáltalle á man, e pega derrapaxes coma Xocas coa bici. Parece que se vai matar, pero nada.

Como lle gusta tanto xogar, ponse aniñada esperando a que lle fagamos algo. Move o rabo a toda velocidade, e dálle á cabeza para diante e para atrás igual que fai a avoa na súa randeeira. De súpeto, ¡chas!, pega un salto áxil cara á cousa que lle movemos e ponse outra vez en posición de saída. Iso a avoa non o fai, porque é vella.

Un día a miña amiga Branca ensinoulle a facer de touro. Colleu unha chaqueta vermella e moveuna diante de Lúa. Ela saltaba á chaqueta moitas veces.

—Ole, ole— gritabamos nós ata que nos cansabamos.

A min gústanme as corridas de Lúa porque son moi divertidas. As dos touros non, porque non quero que os piquen nin que os maten. Xocas gravou unha corrida con Lúa coa cámara de vídeo. Mamá berrounos porque toureamos cun xersei novo e esfiañámolo todo. Logo, cando mirou a gravación, ría que se mataba. Ás veces non entendo á mamá, porque rifa e despois ri pola mesma cousa.

FINA CASALDERREY. *O misterio dos fillos de Lúa* (adaptación)



2 Subliña a oración que se corresponde co que conta o texto.

- Un neno ten unha gata á que non lle gusta nada xogar.
- Un neno ten unha gata, pero súa nai non a deixa entrar na casa.
- Un neno ten unha gata á que lle gusta moito correr e xogar.



3 O rapaz que conta esta historia chámase David. Busca na lectura os nomes propios que saen e explica quen son.

- _____ ► _____
- _____ ► _____
- _____ ► _____



4 Responde as preguntas seguintes e explica.

- Onde senta Lúa cando entra na cociña? Por que? _____

- Que fai cando está tranquila no seu asento? Por que? _____

- Que fai Lúa cando lle moven algunha cousa desde o alto? Por que fai iso?

- A quen se parece Lúa cando dá coa cabeza para adiante e para atrás? Por que?

5 Subliña no texto o fragmento que conta en que consiste tourear a Lúa e expícao.

6 Escribe cada verbo diante do significado que ten no texto.

- _____ ► Facer rascadelas coas uñas.
- _____ ► Emitir o seu son característico o gato.
- _____ ► Dicirle que o que fixo está mal.
- _____ ► Cravar un obxecto acabado en punta.
- _____ ► Sacar os fíos dun tecido.

miañar
esfíañar
rabuñar
picar
rifar